

ANÁLISE ECONÓMICA-FINANCIERA DO AGROCOOPERATIVISMO GALEGO

As cooperativas agrarias, en relación coas restantes cooperativas galegas, caracterízanse polo seu maior tamaño tanto en número de persoas socias, como en facturación e activo. A análise da tendencia no período 2015-2020 apunta a que se incrementan estas diferenzas. A maior contribución das persoas socias está permitindo unha estrutura de investimento estable a longo prazo, cun equilibrio entre os investimentos permanentes e o financiamento con recursos propios da cooperativa, especialmente das achegas de capital.

A comercialización directa parece que continúa a ser a principal actividade das cooperativas agrarias, ben para dar saída aos produtos das persoas socias ou ben para proporcionarlles aprovisionamentos. Son a ferramenta económica das agricultoras e agricultores para operar con menos dificultades nos mercados agrarios e de abastecementos. Como consecuencia, conséntase que o obxectivo económico prioritario da cooperativa consiste en distribuír as rendas ás persoas socias vía mellora nos prezos pagados ou cobrados. Así se desprende da reducida diferenza entre os ingresos e os gastos de explotación, en particular debido ás cifras de aprovisionamentos, que poden chegar a representar o 90% da facturación.

En consonancia coa caída da poboación activa no rural, descende tamén o número global de persoas socias nas cooperativas agrarias. As recentes fusións semellan ser a estratexia máis axeitada para responder a uns mercados agrarios máis competitivos e desregulados. Estas cooperativas de maior tamaño permiten un aumento dos ingresos por persoa socia grazas, principalmente, a incrementar a rotación do activo dadas as reducidas marxes. Aínda que a rendibilidade sexa relativamente baixa, a maior participación das persoas socias fortalece a autonomía financeira e proporciona unha maior cobertura dos riscos cos fondos propios achegados polo persoal agricultor e gandeiro.

1. DATOS BÁSICOS

O número de cooperativas que deposita habitualmente as contas está por debaixo do número de inscritas no Rexistro de Cooperativas de Galicia. Existe, ademais, un desfase temporal dende o momento de cese de actividade dunha cooperativa ata a súa baixa efectiva no Rexistro. Estas circunstancias causan que calquera base de datos que se nutra desta información oficial teña que adoptar certos supostos metodolóxicos para acadar resultados coherentes coa realidade.

Partindo da información básica das cooperativas que figuran como activas no ano 2022, o número de inscritas no Rexistro de Cooperativas de Galicia é de 379, das que 328 son cooperativas agrarias e 51 de explotación comunitaria da terra (Cadro 1).

CADRO 1. Cooperativas inscritas no rexistro (2022)	
Clase	Nº de cooperativas
Coop. agrarias	328
Coop. de explotación comunitaria da terra	51
Total	379

De acordo coa información dispoñible en SAVES¹, o número de cooperativas agrarias que cumpriron co depósito móvese entre as 245 cooperativas no ano 2015 e as 172 en 2020 (Cadro 2). Porén, na mostra empregada nesta análise económico-financiera o número descende, ao non considerarmos as empresas que, a pesar de depositar contas, non declaran ingresos da actividade.

CADRO 2. Número de cooperativas con memorias depositadas e dispoñibles en SAVES (2015-2020)						
	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Cooperativas agrarias	204	191	180	158	152	135
Cooperativas de explotación comunitaria da terra	28	26	25	20	24	22
Total	245	234	222	198	184	172

Fonte: Rexistro de Cooperativas de Galicia

¹ SAVES actualiza a súa base de datos constantemente a medida que as cooperativas entregan as contas no Rexistro de Cooperativas de Galicia. Información actualizada a 20 de setembro de 2023

Para unha axeitada interpretación de resultados debemos ter presentes as seguintes cuestións metodolóxicas:

- a) Emprégase a información dos estados contables agregados de cada grupo de estudo na obtención de medias e indicadores.
- b) A información ten sido extraída da base de datos SAVES en setembro de 2023.
- c) Excepcionalmente, para o exercicio 2017 realizouse un axuste nas contas de CLUN. Nese ano prodúcese a fusión de CLUN e a información procedente das tres cooperativas de primeiro grado e de CLUN estaba incompleta, polo que se optou por excluír as individuais e incluír a fusionada.
- d) Exclúense aquelas cooperativas que, aínda que cumpran coa obriga de depósito, están en situación de inactividade, que se manifesta na inexistencia de ingresos na súa conta de resultados.
- e) É posible consultar no Glosario de SAVES o cálculo e interpretación de todos os indicadores aos que se fai referencia neste informe².

2. INDICADORES ECONÓMICOS BÁSICOS

Das 622 cooperativas con contas no ano 2020, **172 son agrarias que se caracterizan, en relación coas restantes cooperativas galegas, polo seu maior tamaño en número de persoas socias, facturación e activo.** O número medio de persoas socias por cooperativa é de 126 no caso das agrarias fronte ás 43 das non agrarias. En consonancia con esta cifra,

a media dos ingresos de explotación e do activo é, por termo medio, máis de catro veces o das non agrarias. Destaca tamén a presenza das mulleres nas cooperativas agrarias que, en media, supera nun 8,9% a proporción de socias nas restantes cooperativas (Cadro 3).

CADRO 3. Datos básicos das cooperativas agrarias (2020)			
	Agrarias	Non Agrarias	Todas
Número de Cooperativas	172	450	622
Persoas Socias *	126	43	66
Ingresos de Explotación*	6.171.136	1.373.193	2.699.955
Activo Total*	3.906.347	882.042	1.718.345
% Mulleres Socias**	46,5%	37,6%	43,5%

* Valores medios por cooperativa
 ** A porcentaxe de mulleres está calculada excluíndo socios institucionais

Fonte: Base de datos SAVES

As cooperativas tenden a evolucionar paralelamente a como o fai o sector no que operan e ás características de estabilidade ou inflación do mesmo. Partindo da información do ano 2015, obsérvase un descenso do número de cooperativas agrarias asociado cun aumento das persoas socias, do activo e da facturación por cooperativa. Estes resultados son coherentes cos diferentes procesos de fusión que neste quinquenio tiveron lugar no agrocooperativismo galego. En canto á evolución da presenza das mulleres, podemos dicir que se mantén, pois en cinco anos a caída e só dun 0,3% (Cadro 4).

CADRO 4. Datos básicos das cooperativas agrarias: Evolución 2015-2020			
	2015	2020	Variación 2015-2020
Número de cooperativas	245	172	-6,8%
Persoas socias*	110	126	2,8%
Ingresos Explotación (€)*	4.486.247	6.171.136	6,6%
Activo Total (€)*	2.314.514	3.906.347	11%
Mulleres Socias (%)	47,1%	46,5%	-0,3%

* Valores medios por cooperativa

Fonte: Base de datos SAVES

No Gráfico 1 pódese ver a evolución, ano a ano, das cifras sociais. Obsérvase como existe unha


tendencia clara na redución do número de cooperativas e no aumento do número medio de

² Dispoñible en: <https://saves.uvigo.gal/Glosario/>

persoas socias das cooperativas agrarias para o período 2015-2020. Tamén se pode observar a estabilidade na representatividade das mulleres no agrocooperativismo galego.


No que respecta ao tamaño medio das cooperativas agrarias, o valor medio dos ingresos e do activo é crecente no período de estudo (Gráfico 2).

Gráfico 1. Evolución do número de cooperativas, media de persoas socias e porcentaxe de socias mulleres (2020)



Fonte: Base de datos SAVES

Gráfico 2. Tamaño medio das cooperativas agrarias (2020)



Fonte: Base de datos SAVES

No ano 2017 prodúcese un punto de inflexión na evolución do tamaño medio das cooperativas agrarias, cun incremento importante nos últimos tres anos do período. Aínda que o incremento medio anual de ingresos e activo é considerable (6,6 % e 11%, respectivamente), non é constante no período 2015-2020, concentrándose tal aumento nos últimos tres anos. Esta evolución é coherente coas crises gandeiras dos anos 2015 e 2016, que acabaron afectando aos balances das

cooperativas e ás propias contas das súas persoas socias. Xa no ano 2017 e seguintes logran iniciar a recuperación.

Á hora de analizar as cooperativas agrarias debemos ter moi presente a concentración da actividade nun número reducido de cooperativas. En concreto, no ano 2020 dezanove cooperativas facturaban individualmente máis de 10 millóns de euros (Cadro 5). A súa facturación anual conxunta

supera os 911 millóns de euros, representando o 86% dos ingresos de todas as cooperativas agrarias, cando só son o 11% do número de cooperativas.

As restantes 153 cooperativas representan o 89% das empresas, pero só o 14% dos ingresos. Os

ingresos medios destas empresas no ano 2020 situáronse arredor dos 0,98 millóns de euros por cooperativa. O sistema empresarial cooperativo corresponde exactamente co resto do sistema empresarial, cun número moi reducido de grandes cooperativas e un amplo número de pequenas e medianas empresas.


CADRO 5. Cooperativas agrarias segundo ingresos medios anuais (2020)				
	Cooperativas	Persoas socias	Ingresos (€)	Activo (€)
Ingresos superiores a 10 millóns de euros	19	11.691	911.224.053	486.926.957
Ingresos inferiores a 10 millóns de euros	153	10.037	150.211.261	184.964.695

Fonte: Base de datos SAVES

O volume dos investimentos é acorde co volume de facturación: o 72% corresponde ás grandes cooperativas fronte ao 28% das de menor facturación. Máis equilibrado está o reparto de

persoas socias, habendo un 54% delas que participan nas cooperativas de maiores ingresos e un 46% nas cooperativas pequenas (Gráfico 3).

Gráfico 3: Cooperativas agrarias segundo ingresos medios anuais




Fonte: Base de datos SAVES

3. INDICADORES DE ESTRUCTURA ECONÓMICA

O volume de investimento medio das cooperativas agrarias supera os 3,9 millóns de euros, aproximadamente 5 veces o das cooperativas non agrarias (Gráficos 4 e 5). Este feito é consecuencia das necesidades derivadas dos procesos produtivos que na maior parte delas se levan a cabo. É preciso matizar que, no que se refire á estrutura de investimentos das cooperativas, non

resulta doado extraer información que se poida xeneralizar, pois o habitual é que realicen máis dunha actividade para a persoa socia. Aínda que principalmente comercialicen (con ou sen procesamento) os produtos das persoas socias, simultaneamente proporciónanlles tamén produtos ou servizos para as súas explotacións.

Gráfico 4. Estrutura de investimento medio por cooperativa: Comparativa (2020)




Fonte: Base de datos SAVES

En termos medios, o investimento a longo prazo na cooperativa (activo fixo) representa o 47,67% do total, polo que os investimentos vinculados ao ciclo de explotación da empresa (activo corrente) é do 52,33% . Os valores medios obtidos son consecuencia do **importante número de cooperativas nas que a actividade principal continúa a ser a comercialización directa, xa sexa**

dos produtos das persoas socias ou de produtos para as persoas socias.

As cifras anuais correspondentes ao período 2015-2020 mostran unha evolución á alza do activo medio das cooperativas, que se corresponde ademais cun lixeiro cambio na súa estrutura de investimento (Gráfico 5).

Gráfico 5. Estrutura de investimento medio por cooperativa: Evolución (2015-2020)



Fonte: Base de datos SAVES

Como se observa no Cadro 6, **a tendencia ao incremento dos investimentos a longo prazo no activo fixo das empresas consolídase ano tras ano**, pasando do 40,91% en 2015 ao 49,72% en 2019, cunha lixeira diminución no ano 2020.

Consecuentemente, redúcese na mesma proporción o investimento no circulante. Os maiores requirimentos de investimentos a longo prazo son resultado do esforzo por avanzar nos elos de transformación, mercados e exportacións.

CADRO 6. Estrutura de investimento: Evolución						
Proporción do activo total	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Activo non Corrente	40,91%	42,00%	38,95%	43,26%	49,72%	47,67%
Activo Corrente	59,09%	58,00%	61,05%	56,74%	50,28%	52,33%
Número de Cooperativas	245	234	222	198	184	172

Fonte: Base de datos SAVES

En resumo, o investimento medio nas cooperativas agrarias para o período 2015-2020 caracterízase por un aumento importante do activo total, con destino, en maior medida, ao investimento a longo prazo, o que se traduce nunha diminución do que representan os activos vinculados ao ciclo de explotación.

Dende o punto de vista da persoa socia, a contía de activo por cada unha delas nas agrarias atópase por riba da media do conxunto das cooperativas (30.923 €/persoa socia fronte a 26.072 €/persoa socia) e é moi superior ao das cooperativas non agrarias (20.602 €/persoa socia) (Cadro 7). Estes datos reflicten **unha maior contribución individual**


por persoa socia nas cooperativas agrarias ao investimento empresarial. Esta tendencia posiblemente se teña que manter no futuro para cumprir coa ampliación da demanda de servizos das persoas socias.

A evolución nos investimentos da cooperativa repercute na contribución individual da persoa socia, que pasa dos 21.043 €/persoa socia en 2015 aos 30.923 €/persoa socia en 2020 (Gráfico 6). En consecuencia, a contribución individual da persoa socia ao investimento na súa cooperativa aumenta nun 8% anual no período 2015-2020.

CADRO 7. Contribución das persoas socias ao investimento: Comparativa (2020)						
	Valores absolutos			Porcentaxe		
	Agrarias	Non Agrarias	Todas	Agrarias	Non Agrarias	Todas
Activo Total (€)	30.923	20.602	26.072	100,00%	100,00%	100,00%
Activo Non Corrente (€)	14.740	7.925	11.537	47,67%	38,47%	44,25%
Activo Corrente (€)	16.183	12.677	14.535	52,38%	61,53%	55,75%
Número de Cooperativas	172	450	622			
Número de persoas socias	126	43	66			

Fonte: Base de datos SAVES

Gráfico 6. Estrutura de investimento por persoa socia: Evolución 2015-2020




Fonte: Base de datos SAVES

4. INDICADORES DE ESTRUCTURA FINANCIERA

En canto á orixe dos recursos que financian a cooperativa caracterízanse pola súa estabilidade, xa sexa mediante fondos do patrimonio neto da empresa ou do financiamento alleo a longo prazo. Entre ambos, en media acadan o 53,85% do financiamento total (Gráfico 7). **Existe equilibrio financeiro na estrutura de investimento-**

financiamento da cooperativa agraria, pois o volume de recursos estables (53,85%) supera o investimento a longo prazo no seu activo (47,67%). As cooperativas agrarias tenden a dispoñer de financiamento a longo prazo para evitar situacións de estrés financeiro que poden xurdir polas altas variacións dos mercados agrarios.

Gráfico 7. Comparativa da estrutura de financiamento das cooperativas (valores medios 2020)



Fonte: Base de datos SAVES

Esta situación contrasta co valor medio das cooperativas non agrarias, nas que a proporción de recursos a curto prazo, por termo medio, é o 62,53% do seu financiamento (Cadro 8).

O maior volume de recursos estables nas agrarias corresponden ao patrimonio neto (38,37%) mentres nas non agrarias ese valor descende ao 26,42%.

CADRO 8. Estrutura financeira das cooperativas agrarias: Comparativa (2020)						
	Valores medio por cooperativa			Porcentaxe sobre PN+PT		
	Agrarias	Non Agrarias	Todas	Agrarias	Non Agrarias	Todas
Patrimonio Neto e Pasivo Total (€)	3.906.347	882.004	1.718.318	100,00%	100,00%	100,00%
Patrimonio neto (€)	1.498.497	232.908	582.878	38,37%	26,42%	33,93%
Pasivo non Corrente (€)	604.892	97.394	237.731	15,49%	11,05%	13,84%
Pasivo Corrente (€)	1.802.269	551.189	897.147	46,15%	62,53%	52,23%
Nº de cooperativas	172	450	622			

Fonte: Base de datos SAVES

A análise da evolución da estrutura financeira das cooperativas agrarias mostra a súa estabilidade no tempo, cun patrimonio neto arredor do 39%, un financiamento alleo a longo prazo arredor do 15% e uns recursos a curto prazo arredor do 46% (Cadro 9). Por se tivese algún efecto na distribución dos recursos, inclúese tamén como indicador de estrutura financeira a agregación ao patrimonio

neto do capital social contabilizado como débeda. Ao compararmos a proporción do patrimonio neto con e sen a consideración deste capital, a variación é de aproximadamente un 4%.


Como se pode ver claramente no Gráfico 8, todas as fontes de financiamento incrementan o seu importe de xeito practicamente paralelo.

CADRO 9. Estrutura financeira das cooperativas agrarias: Evolución 2015-2020

(%) do Patrimonio Neto e Pasivo Total	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Patrimonio Neto	40,68%	43,04%	39,55%	40,92%	39,03%	38,37%
Pasivo non Corrente	16,71%	14,00%	13,38%	14,88%	14,34%	15,49%
Pasivo Corrente	42,60%	42,95%	47,07%	44,20%	46,63%	46,15%
Patrimonio Neto máis Capital Débeda	44,58%	46,93%	43,15%	44,72%	42,49%	41,84%
Nº de Cooperativas	245	234	222	198	184	172

Fonte: Base de datos SAVES

Gráfico 8. . Evolución da estrutura financeira das cooperativas agrarias (valores medios en euros, 2020)



Fonte: Base de datos SAVES

En canto á composición dos fondos propios, o **capital social das cooperativas agrarias é o recurso máis importante dentro dos fondos propios (59,98%)**, por riba do que representa nas restantes cooperativas (45,62%). Pola contra, o volume de reservas nas agrarias é inferior ao das restantes cooperativas. Por outra parte, a pesar da existencia dun 3,48% de excedente, é destacable o valor doutras partidas con signo negativo (basicamente

resultados de exercicios anteriores), que acadan o 9,54% do total dos fondos propios (Cadro 10). Son varias as cooperativas que están a ampliar as achegas das persoas socias cunha parte dos resultados que corresponde a cada membro. Profesionais do sector apuntan que este é un xeito de facer un “plan de pensións” para cando a persoa agricultora ou gandeira se xubile e deixe de ser socia.

CADRO 10. Estrutura de fondos propios das cooperativas agrarias: Comparativa (2020)						
	Media por cooperativa			Proporción sobre os Fondos Propios		
	Agrarias	Non Agrarias	Todas	Agrarias	Non Agrarias	Todas
Fondos Propios (FP) (€)	1.364.232	225.438	540.346	100,00%	100,00%	100,00%
Capital FP (€)	818.303	102.847	300.690	59,98%	45,62%	55,65%
Reservas (€)	628.570	137.309	273.156	46,08%	60,91%	50,55%
Excedente (€)	47.511	7.318	18.432	3,48%	3,25%	3,41%
Outras partidas FP (€)	-130.152	-22.036	-51.933	-9,54%	-9,77%	-9,61%
Capital Débeda Longo Prazo (€)	135.704	16.655	49.575	9,95%	7,39%	9,17%
Número de Cooperativas	172	450	622			

Fonte: Base de datos SAVES

Con esta información, corresponde a elaboración doutros indicadores adaptados á realidade das cooperativas agrarias. Por unha parte, defínense as Reservas Netas como a unión das reservas, o excedente e a partida negativa de fondos propios (habitualmente resultados negativos de exercicios anteriores). Por outra parte, únense as partidas de

capital fondos propios e capital débeda. Con esta nova clasificación intensifícase a diferenza, pois aumenta o peso relativo das achegas ao capital e redúcese a proporción das reservas, que pasan a representar unicamente o 36,4% sobre a suma de fondos propios e capital débeda (Cadro 11)


CADRO 11. Estrutura de Capital e Reservas: Comparativa (2020)						
	Media por cooperativa			Proporción sobre os Fondos Propios e Capital Débeda		
	Agrarias	Non Agrarias	Todas	Agrarias	Non Agrarias	Todas
Fondos Propios e Capital Débeda (€)	1.499.971	243.406	590.880	100,00%	100,00%	100,00%
Capital Fondos Propios e Capital Débeda Longo Prazo (€)	954.007	119.502	350.266	63,60%	49,36%	59,37%
Reservas Netas (€)	545.929	122.591	239.655	36,40%	50,64%	40,63%
Número de cooperativas	172	450	622			

Fonte: Base de datos SAVES

En canto á evolución durante o período 2015-2020 (Gráfico 9 e Cadro 12), destaca o incremento constante das reservas, aínda que non de

importante contía, así como a variabilidade nas cifras de excedente e capital fondos propios, con tendencia alcista.

Gráfico 9. Evolución do patrimonio neto por cooperativa (Euros, 2015-2020)



Fonte: Base de datos SAVES

CADRO 12. Estrutura de Fondos Propios das cooperativas agrarias: Evolución 2015-2020						
	2015	2016	2017	2018	2019	2020

Fondos Propios (%)	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
Capital (%)	73,67%	69,22%	67,29%	69,97%	60,84%	59,98%
Reservas (%)	41,72%	41,62%	43,08%	36,21%	46,78%	46,08%
Excedente (%)	3,54%	7,04%	5,62%	6,29%	1,70%	3,48%
Outros Fondos Propios (%)	-18,92%	-17,88%	-15,99%	-12,48%	-9,32%	-9,54%
Capital Débeda s/Fondos Propios (%)	10,62%	9,81%	9,96%	10,13%	9,84%	9,95%
Número de cooperativas	245	234	222	198	184	172

Fonte: Base de datos SAVES

Contribución financeira das persoas socias

A contribución financeira das persoas socias á súa cooperativa é unha información relevante na medida en que estamos a traballar con empresas de participación, que teñen unhas particularidades que afectan considerablemente á estrutura financeira, condicionada directamente pola contribución das persoas socias.

En consonancia coa estrutura financeira da cooperativa, os valores por persoa socia mostran claramente a diferenza entre cooperativas agrarias e non agrarias. A débeda a curto prazo por persoa socia é a contribución financeira máis importante nas cooperativas agrarias e non agrarias (14.267 €/persoa socia e 12.874 €/persoa socia, respectivamente). Sen embargo, **nas cooperativas agrarias a persoa socia contribúe en maior medida ao patrimonio neto da empresa** (11.862 €/persoa


socia nestas fronte a 5.440 €/persoa socia nas non agrarias).

CADRO 13. Contribución financeira das persoas socias: Comparativa (2020)			
Media por persoa socia	Agrarias	Non Agrarias	Todas
Patrimonio neto e Pasivo (€)	30.923	20.601	26.072
Patrimonio neto (€)	11.862	5.440	8.844
Pasivo non Corrente (€)	4.788	2.275	3.607
Pasivo Corrente (€)	14.267	12.874	13.612
Nº medio de persoas socias	126	43	66

Fonte: Base de datos SAVES

A participación financeira por persoa socia no patrimonio neto da cooperativa increméntase de xeito importante o ano 2018 e, a partir dese ano, estabilízase arredor dos 11.000 euros (Gráfico 10).

Gráfico 10. Evolución do patrimonio neto por persoa socia (Euros, 2015-2020)



Fonte: Base de datos SAVES

A maior parte da participación financeira das persoas socias das cooperativas agrarias está representada polas achegas ao capital contabilizadas como fondos propios (Cadro 14) que, unido ao elevado importe do capital

contabilizado como débeda, indican que **o seu compromiso financeiro coa cooperativa se materializa principalmente a través das achegas ao capital** (Cadro 15).

CADRO 14. Contribución financeira das persoas socias (2020)			
Media por persoa socia	Agrarias	Non Agrarias	Todas
Fondos Propios (FP) (€)	10.799	5.266	8.199
Capital FP (€)	6.478	2.402	4.562
Reservas (€)	4.976	3.207	4.145
Excedente (€)	376	171	280
Outras Partidas FP (€)	-1.030	-515	-788
Capital Débeda (€)	1.075	420	767
Media persoas socias	126	43	66


Fonte: Base de datos SAVES

CADRO 15. Contribución financeira das persoas socias (2020)			
Media por persoa socia	Agrarias	Non Agrarias	Todas
Fondos Propios (FP) máis Capital Débeda (CD) (€)	11.874	5.685	8.965
Capital FP+CD (€)	7.552	2.822	5.329
Reservas Netas (€)	4.322	2.863	3.636
Media de persoas socias	126	43	66

Fonte: Base de datos SAVES

A evolución da contribución financeira das persoas socias está provocada, en maior medida, polo aumento do capital contabilizado como débeda e polas reservas. Repítese a variación máis relevante no exercicio 2017, consecuencia dos procesos de fusión de cooperativas (Gráfico 11)

Gráfico 11. Evolución dos fondos propios por persoa socia (2015-2020)



Fonte: Base de datos SAVES

5. INDICADORES DE RESULTADOS

A conta de resultados das cooperativas defínese por uns ingresos e uns gastos de explotación medios case cinco veces superiores aos das cooperativas non agrarias, consecuencia do seu maior tamaño empresarial (Cadro 16). Por outra parte, a proporción dos resultados de explotación e do exercicio (1,56% e 0,79%, respectivamente) están por riba do que acadan as cooperativas non agrarias (0,58% e 0,55%, respectivamente). As cooperativas usan a vía dos prezos de produtos comercializados ou dos produtos adquiridos para as persoas socias como un xeito transparente e

democrático de repartir as rendas xeradas no proceso de cooperación. A principal partida dos gastos de explotación das agrarias son os aprovisionamentos, que representan o 88,36% dos ingresos de explotación, fronte o 76,01% das non agrarias. En consecuencia, tendo en conta que a persoa socia participa na actividade agraria como provedor/cliente da súa cooperativa, **estas cifras de resultados son indicativas dunha elevada distribución das rendas vía melloras nos prezos pagados/cobrados polas persoas socias.**


CADRO 16. Estructura de resultados: Comparativa (2020)						
	Media por cooperativa			Porcentaxe sobre Ingresos de Explotación		
	Agrarias	Non Agrarias	Todas	Agrarias	Non Agrarias	Todas
Ingresos de Explotación (€)	6.171.136	1.373.193	2.699.955	100,00%	100,00%	100,00%
Gastos de Explotación (€)	6.075.015	1.365.279	2.667.650	98,44%	99,42%	98,80%
Aprovisionamentos (€)	5.452.668	1.043.735	2.262.925	88,36%	76,01%	83,81%
Gastos de persoal (€)	235.800	206.605	214.679	3,82%	15,05%	7,95%
Resultado de Explotación (€)	96.120	7.913	32.305	1,56%	0,58%	1,20%
Resultado do Exercicio (€)	48.797	7.610	18.999	0,79%	0,55%	0,70%
Nº de cooperativas	172	450	622			
Nº de persoas socias	126	43	66			

Fonte: Base de datos SAVES

A cifra dos ingresos e gastos de explotación evolucionan paralelamente no período 2015-2020 a unha taxa de incremento anual do 6,6% e cunha variación substantiva dos seus importes medios a partir do ano 2018, consecuencia do aumento de tamaño medio das cooperativas agrarias galegas (Gráfico 12). A partida de gasto cun maior

incremento relativo anual é gastos de persoal (10,5%). En canto ao resultado de explotación, o seu valor medio mantense ao analizarmos o total do quinquenio, pero a evolución anual é variable, con anos como 2015 ou 2019 con cifras relativamente baixas.

Gráfico 12. Evolución dos resultados medios das cooperativas galegas (2015-2020)



Fonte: Base de datos SAVES

Contribución económica da persoa socia

A participación da persoa socia na actividade empresarial da cooperativa afecta directamente ás cifras de ingresos, gastos e resultados. Coñecer os

valores por persoa socia proporciona información da participación económica das mesmas e da súa contribución á actividade da súa cooperativa.

CADRO 17. Contribución económica das persoas socias (2020)

	Agrarias	Non Agrarias	Todas
Ingresos de explotación (€)	48.851	32.074	40.966
Gastos de explotación (€)	48.090	31.889	40.476
Aprovisionamentos (€)	43.164	24.379	34.335
Gastos de persoal (€)	1.867	4.826	3.257
Resultado de explotación (€)	761	185	490
Resultado do exercicio (€)	386	178	288
Número medio de persoas socias	126	43	66


Fonte: Base de datos SAVES

Nas cooperativas agrarias a **participación da persoa socia na cifra de ingresos e gastos de explotación** (arredor dos 49.000 € por persoa) é **claramente superior que nas cooperativas non agrarias** (arredor dos 32.000 € por persoa), como tamén acontece **nos aprovisionamentos**, que son case 2 veces os das non agrarias, polas particularidades da actividade que levan a cabo (Cadro 17).

A evolución no período 2015-2020 mostra unha taxa de incremento anual arredor do 3,7% para

ingresos e gastos de explotación, que se reproduce tamén no caso dos aprovisionamentos (Gráfico 13). Nesta evolución apréciase a crise de mercado do ano 2016 que afectou especialmente ao sector lácteo. Posiblemente, nese ano as cooperativas recorreron aos seus fondos propios para financiar e soste a actividade agrícola das súas persoas socias, moi afectadas pola crise dos mercados. O resultado de explotación por persoa socia aumenta na primeira metade do período, volvendo practicamente aos valores de 2015 na segunda metade.

Gráfico 13. Evolución da contribución económica das persoas socias (2015-2020)



Fonte: Base de datos SAVES

6. TAXAS ECONÓMICAS E FINANCEIRAS

As taxas económicas e financeiras das sociedades cooperativas deben interpretarse de xeito diferente ás das empresas capitalistas convencionais. Por unha parte, as taxas de rendibilidade non contemplan o rendemento anticipado vía prezos que nunha parte importante de cooperativas son a principal vía de compensación económica á persoa socia. Por outra parte, as taxas de estrutura financeira deben recoller as implicacións das achegas das persoas socias que se contabilizan como débeda.

A rendibilidade económica do agregado de cooperativas agrarias para o ano 2020 mostra un valor do 3,10%, superior ao das cooperativas non agrarias nun 1,60%. A marxe de vendas é superior, cun 1,90% fronte ao 1,00% das non agrarias. A rotación das agrarias e non agrarias é practicamente a mesma. **Por tanto, as cooperativas agrarias conseguen unha maior rendibilidade que o resto de cooperativas grazas a unha maior marxe, e sen diferenzas na rotación do activo (Cadro 18).**

En canto á garantía que se ofrece a terceiros acredores, a taxa de garantía mostra un valor suficientemente elevado, dado que o activo total é 1,72 veces o valor do financiamento alleo da cooperativa. Ademais, nas cooperativas non agrarias o valor deste indicador redúcese a 1,4. Hai unha tendencia nas cooperativas agrarias a sobredimensionar o financiamento propio coa finalidade de afrontar calquera eventualidade económica que poida suceder na operativa económica da entidade. Este sobredimensionamento móvese entre a prudencia necesaria e a baixa rendibilidade financeira nas cooperativas agrarias. Con estes datos, a autonomía financeira das cooperativas agrarias, incorporando no seu cómputo o total do capital achegado polas persoas socias, é de 0,72. Trátase dun elevado valor dos fondos propios no financiamento das cooperativas agrarias, fronte ao 0,4 que acadan as cooperativas non agrarias.

CADRO 18. Taxas económicas e financeiras da cooperativa (2020)			
	Valor medio		
	Agrarias	Non Agrarias	Todas
Rendibilidade Económica	3,10%	1,50%	2,50%
Marxe de vendas	1,90%	1,00%	1,60%
Rotación	1,58	1,56	1,57
Taxa de Garantía	1,72	1,40	1,58
Rendibilidade Financeira	2,99%	3,05%	3,00%
Autonomía Financeira	0,72	0,40	0,58
Número de Cooperativas	172	450	622

Fonte: Base de datos SAVES


Finalmente, a rendibilidade financeira é practicamente a mesma nas cooperativas agrarias que nas non agrarias. O reducido valor en ambos casos confirma unha estratexia de rendas vía prezos.

No gráfico 14 pode verse a evolución das taxas económicas e financeiras para o período 2015-2020. As taxas con maior variabilidade son a rendibilidade económica e a rendibilidade

financeira, que oscilan entre 2,40% e o 5,40% no caso da económica e entre o 1,46% e o 5,92% no caso da financeira. Pero estes datos non son representativos da rendibilidade real a falta de coñecer a renda vía prezos en cada período.

Tanto a marxe como as taxas de autonomía e garantía manteñen valores moi estables nos cinco anos estudados.

Gráfico 14. Evolución das taxas económicas e financeiras das cooperativas agrarias (2015-2020)



Fonte: Base de datos SAVES

7. SÍNTESE DE RESULTADOS

- En relación coas restantes cooperativas galegas, as cooperativas agrarias caracterízanse polo seu **maior tamaño** en número de persoas socias, facturación e activo.
- Obsérvase un **descenso do número de cooperativas agrarias asociado cun aumento do número de persoas socias, do activo e da facturación** por cooperativa.
- **No ano 2017 prodúcese un punto de inflexión** na evolución do tamaño medio das cooperativas agrarias, cun incremento importante nos últimos tres anos.
- A actividade principal das cooperativas continúa a ser a **comercialización directa**, xa sexa dos produtos das persoas socias ou de produtos para as mesmas.
- Existe unha **maior contribución individual por persoa socia nas cooperativas agrarias ao investimento** empresarial. A contribución individual da persoa socia na súa cooperativa aumenta nun 8% anual no período 2015-2020.

- Existe **equilibrio financeiro na estrutura de investimento-financiamento** da cooperativa agraria.
- **O capital social das cooperativas agrarias é o recurso máis importante** dentro dos fondos propios (59,98%).
- Nas cooperativas agrarias **a persoa socia contribúe en maior medida ao patrimonio neto** da empresa en comparación coas non agrarias, e sobre todo vía achegas ao capital.
- As cifras de resultados son indicativas dunha **elevada distribución das rendas** vía melloras nos prezos pagados/cobrados polas persoas socias: os gastos de explotación case igualan a totalidade dos ingresos, debido fundamentalmente aos aprovisionamentos.
- **A participación da persoa socia na conta de resultados** supera amplamente os valores por persoa socia das cooperativas non agrarias. Os valores tenden a crecer.
- As cooperativas agrarias conseguen unha **maior rendibilidade que o resto de cooperativas** grazas a unha maior marxe, e sen diferencias na rotación do activo
- As cooperativas agrarias destacan por unha **elevada taxa de garantía e autonomía financeira**, pero cunha rendibilidade financeira baixa. Pode ser consecuencia da estratexia de rendas vía prezos.

* Pódese acceder a todas as táboas estatísticas contidas neste informe dende a páxina web do Proxecto SAVES:
<https://saves.uvigo.gal/Estatisticas/>

* A elaboración deste informe enmárcase no programa de actuación 2022 da Rede Eusumo. A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Traballo e Economía Social.